

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
Documento CON10I1BC	Expediente CON/54/2016	



ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Instalacións eléctricas temporais para alumeados festivos das rúas, prazas e espazos públicos do Casco Histórico, do Ensanche e das parroquias de Santiago de Compostela durante as festas de nadal 2016.

TIPO DE LICITACIÓN: 41.460 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Negociado sen publicidade.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 10/11/2016, ás 12:40 horas.

ASISTENTES:

Presidente: Dna. Branca Novo Rey.

Vocais: D. Rafael Peña Vidal, representante do grupo CA.
 D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.
 Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
 D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

OFERTAS PRESENTADAS:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	07-11-2016	39.118	B-15279359 ILUMINACIONES SANTIAGUESAS, S.L.
2	09-11-2016	39.501	B-94121217 ILUMINACIONES ARTÍSTICAS SALNÉS S.L. (*)

**Proposición recibida por correo*

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos aportan a mencionada declaración.

A continuación procédese á apertura dos sobres que conteñen a documentación relativa ós criterios de negociación dos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO OFERTADO (euros IVE excluído)	IMPORTE MELLORAS (euros IVE excluído)
1	B-15279359 ILUMINACIONES SANTIAGUESAS, S.L.	39.840	16.510
2	B-94121217 ILUMINACIONES ARTÍSTICAS SALNÉS S.L. (*)	37.500	16.460

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CON1011BC	<i>Expediente</i> CON/54/2016	

15078DCON1011BCg



Rematada a apertura dos sobres, a mesa inicia a negociación individual dos termos do contrato con cada un dos licitadores admitidos en función dos diferentes criterios relacionados no prego que rexe a licitación, estendendo as correspondentes actas cos resultados das negociacións individuais levadas a cabo cos diferentes licitadores, que se acompañan á presente acta.

As 12.45 horas, levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
A PRESIDENTA DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CON10I1BC	<i>Expediente</i> CON/54/2016	

**ACTA DE NEGOCIACIÓN CO LICITADOR Nº 1: ILUMINACIONES SANTIAGUESAS, S.L.**

LICITACIÓN: Instalacións eléctricas temporais para alumeados festivos das rúas, prazas e espazos públicos do Casco Histórico, do Ensanche e das parroquias de Santiago de Compostela durante as festas de nadal 2016.

TIPO DE LICITACIÓN: 41.460,00 euros máis IVE. **PROCEDIMENTO:** Negociado sen publicidade.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 10/11/2016, ás 12:49 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D./D^a Branca Novo Rey
Vocales: D. Rafael Peña Vidal, representante do grupo CA.
D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP
Dna. Inmaculada Viña Carregal, Interventora xeral Municipal.
D. Xaquín Monteagudo Romero, Director da asesoría xurídica municipal.
Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Representante do licitador que acude ó acto de negociación: D. Tomás Vázquez Cajide.

A mesa de contratación inicia a negociación co representante da empresa indicandolle os criterios que son obxecto de negociación, tal e como se recolle no prego que rexe a licitación.

O representante da citada empresa manifesta que:

- Mellora a súa oferta ofrecendo un prezo de **38.900 máis IVE..**

Sendo as 12:50 horas conclúe o acto de negociación e, en proba de conformidade, o representante da empresa asina a presente acta xunto co secretario e o presidente da mesa de contratación.

Asdo.: Tomás Vázquez Cajide
Representante da empresa ILUMINACIONES SANTIAGUESAS, S.L.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA

O/A SECRETARIO/A DA MESA






<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CON10I1BC	<i>Expediente</i> CON/54/2016	



ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Instalacións eléctricas temporais para alumeados festivos das rúas, prazas e espazos públicos do Casco Histórico, do Ensanche e das parroquias de Santiago de Compostela durante as festas de nadal 2016.

TIPO DE LICITACIÓN: 41.460 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Negociado sen publicidade.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 10/11/2016, ás 12:55 horas.

ASISTENTES:

Presidente: Dna. Branca Novo Rey.


Vocais: D. Rafael Peña Vidal, representante do grupo CA.
D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar os resultados dos actos individualizados de negociación levados a cabo cos distintos licitadores admitidos acordan dar traslado da documentación presentada ós técnicos municipais para a realización do informe de valoración das ofertas e de verificación do cumprimento dos requerimentos dos pregos de aplicación.

Ás 13 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
A PRESIDENTA DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CON1011BC	<i>Expediente</i> CON/54/2016	



ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Instalacións eléctricas temporais para alumeados festivos das rúas, prazas e espazos públicos do Casco Histórico, do Ensanche e das parroquias de Santiago de Compostela durante as festas de nadal 2016.

TIPO DE LICITACIÓN: 41.460 euros máis IVE.

PROCEDIMENTO: Negociado sen publicidade.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 16 de novembro, ás 9:25 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Xan Duro Fernández.

Vocais: D. Jorge Duarte Vázquez, representante do grupo CA.
D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG
D^a. Carmen Ruiz Alarcón, arquitecta municipal.
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
D. Xaquín Montegudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A mesa ten coñecemento do informe elaborado pola arquitecta municipal Sra. Ruíz Alarcón con data 15.11.2016 sobre o contido das propostas presentadas polas dúas empresas licitadoras. A técnica municipal entende que algunha das melloras ofertadas por ILUMINACIONES ARTÍSTICAS SALNÉS (concretamente as consistentes en "Fonte con iluminación", valorada en 5.000 €, e "Bolas tridimensionais de metacrilato", valorada en 4.500 €) non se deberían computar na valoración por non aparecer cumpridamente definidas.

Como a resolución desta cuestión é determinante para a adxudicación, a mesa deliberou amplamente sobre o contido do informe técnico antedito e dos pregos que rexen a licitación e, en concreto, sobre o apartado 8 do cadro de características técnicas que, con relación ás melloras, dispón literalmente o seguinte:

"Valorarase o aumento de arcos e elementos así coma elementos decorativos a maiores dos definidos no prego técnico, que virán valorados economicamente".

À vista desta disposición, a mesa opina que a única esixencia substantiva do prego no tocante ás melloras é que estean valoradas economicamente, esixencia que cumpre a oferta de ILUMINACIONES ARTÍSTICAS SALNÉS, aínda que non describa con detalle cada un dos elementos. Con base niso, o director da asesoría xurídica manifesta que, aínda que a interpretación da técnico municipal non é irrazoable, o texto literal do prego non esixe unha descrición completa e detallada das melloras polo que non hai base xurídica suficiente para excluír da valoración as aludidas pola arquitecta municipal; con máis razón cando a oferta económica da empresa ILUMINACIONES ARTÍSTICAS SALNÉS é a máis ventaxosa. Todo iso sen prexuízo de que cando se execute o contrato, o Concello dispoña o necesario para que as melloras ofertadas se cumpran efectivamente e se axusten á valoración económica que para cada unha delas indicou a empresa adxudicataria.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CON1011BC	<i>Expediente</i> CON/54/2016	



No contexto da deliberación apuntouse a recomendación de que en futuras licitacións a redacción que se lles dea aos pregos no tocante a esta cuestión das melloras sexa máis precisa en defensa da seguridade xurídica dos licitadores e dun control máis efectivo da execución dos contratos.

En definitiva, visto o informe da técnica municipal e con base nos argumentos expostos na deliberación, a mesa acorda por unanimidade computar para a súa valoración consonte os pregos todas as melloras ofertadas polas empresas licitadoras de xeito que, ao avalialas conxuntamente coas baixas económicas, a oferta máis vantaxosa para o Concello é a da empresa ILUMINACIONES ARTÍSTICAS SALNÉS, polo que procede:


Trasladar ao Sr. Alcalde o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requerir ó licitador ILUMINACIONES ARTÍSTICAS SALNÉS S.L., que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de 37.500 euros IVE aparte, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requerimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 9: 55 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRAZE
O PRESIDENTE DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA



CONCELLO DE SANTIAGO

INFORME TÉCNICO

Con relación ó procedemento de LICITACIÓN DAS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS TEMPORAIS PARA ALUMEADOS FESTIVOS DAS RUAS PRAZAS E ESPACIOS PÚBLICOS DO CASCO HISTÓRICO, DO ENSANCHE E DAS PARROQUIAS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DURANTE AS FESTAS DE NADAL DE 2016 a técnica que subscribe logo de examinada a documentación presentada polas dúas empresas licitadoras, informa:

Características do procedemento:


- TIPO de PROCEDEMENTO: Negociado sen publicidade.
- TIPO DE LICITACIÓN: 41.460,00 € + IVE
- EMPRESAS LICITADORAS: ILUMINACIONES SANTIAGUESAS S.L.
ILUMINACIONES ARTÍSTICAS SALNÉS S.L.

- Proposta presentada por **ILUMINACIONES SANTIAGUESAS S.L.**

- 1.- O licitador presenta unha oferta económica de 39.840 €. Na fase de negociación o licitador mellora a súa oferta ofrecendo un prezo de **38.900 €**.
- 2.- O licitador oferta melloras valoradas en **16.510 €**. A xuízo da técnica que subscribe a valoración das melloras esta xustificada, xa que se realiza baseándose nos prezos do Prego de condicións técnicas da licitación.
- 3.- O licitador achega o COMPROMISO DE ADSCRICIÓN esixido no apartado 9 do Prego de cláusulas administrativas particulares.
- 4.- O licitador presenta coa súa oferta un proxecto decorativo no que propón, en cumprimento do estipulado no Prego de Condicións Técnicas, dúas opcións de decoración diferentes para cada unha das rúas e lugares obxecto do contrato.
- 5.- O licitador presenta a ficha técnica dos elementos que ofertados e fotografía en cor dos mesmos
 - Descrición do adorno (Altura, lonxitude e potencia)
 - Materiais do adorno
- 6.- O licitador presenta unha memoria da instalación eléctrica.

- Proposta presentada por **ILUMINACIONES ARTÍSTICAS SALNÉS S.L.**

- 1.- O licitador presenta unha oferta económica de **37.500 €**.
- 2.- O licitador oferta melloras valoradas en **16.460 €**. A xuízo da técnica que subscribe a valoración das melloras NON esta xustificada na súa totalidade.
 - A mellora ofertada para as prazas de Cervantes, do Toural e das Praterías, consistente en "Bolas tridimensionais de metacrilato de diferentes tamaños" non está definida. Non se especifica as súas dimensións, nin o tipo de iluminación, nin se achega fotografías da mesma.
 - A mellora ofertada para a praza Roxa consistente en "Fonte con iluminación LED" tampouco está definida.
- 3.- O licitador presenta coa súa oferta un proxecto decorativo no que propón, en cumprimento do estipulado no Prego de Condicións Técnicas, dúas opcións de decoración diferentes para cada unha das rúas e lugares obxecto do contrato.
- 4.- O licitador presenta a ficha técnica dos elementos que ofertados e fotografía en cor dos mesmos
 - Descrición do adorno (Altura, lonxitude, número de lámpadas LED e potencia)
 - Materiais do adorno
- 5.- O licitador presenta unha memoria de instalación eléctrica



CONCELLO DE
SANTIAGO

CONCLUSIÓN

Con relación ó procedemento de LICITACIÓN DAS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS TEMPORAIS PARA ALUMEADOS FESTIVOS DAS RUAS PRAZAS E ESPACIOS PÚBLICOS DO CASCO HISTÓRICO, DO ENSANCHE E DAS PARROQUIAS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DURANTE AS FESTAS DE NADAL DE 2016 a técnica que subscribe logo de examinada a documentación presentada polas dúas empresas licitadoras, informa:

Segundo se sinala na acta da primeira xuntanza da Mesa de Contratación deste procedemento negociado sen publicidade, as ofertas presentadas son dúas:

EMPRESAS LICITADORAS:	ILUMINACIONES SANTIAGUESAS S.L.	B-15279359
	ILUMINACIONES ARTÍSTICAS SALNÉS S.L.	B-94121217

Os prezo ofertados nos sobres que conteñen a documentación relativa aos criterios de negociación son:

EMPRESAS LICITADORAS	PREZO OFERTADO (IVE excluído)	IMPORTE MELLORAS (IVE excluído)
ILUMINACIONES SANTIAGUESAS SL B-15279359	39.840 €	16.510 €
ILUMINACIONES ARTÍSTICAS SALNÉS SL B-94121217	37.500 €	16.460 €

Da negociación individual que tivo lugar unha vez rematada a apertura das ofertas, resulta mellorada a oferta presentada por ILUMINACIONES SANTIAGUESAS S.L. por parte do seu representante, D Tomás Vázquez Cajide, que manifesta unha mellora na oferta cun prezo definitivo de 38.900 €.

EMPRESAS LICITADORAS	PREZO OFERTADO TRAS FASE NEGOCIACIÓN (IVE excluído)
ILUMINACIONES SANTIAGUESAS SL B-15279359	38.900 €
ILUMINACIONES ARTÍSTICAS SALNÉS SL B-94121217	37.500 €

Unha vez revisadas as melloras e os importes presentados polas dúas empresas, e tendo en conta que o prego obriga a describir o material a instalar, observase que da relación de melloras achegadas por ILUMINACIONES ARTÍSTICAS SALNÉS S.L. non poden terse en conta as definidas como:


- A mellora ofertada para as prazas de Cervantes, do Toural e das Praterías, valorada en 1.500 € para cada unha das prazas, e consistente en "Bolas tridimensionais de metacrilato de diferentes tamaños" non está definida. Non se especifica as súas dimensións, nin o tipo de iluminación, nin se achega fotografías da mesma.
- A mellora ofertada para a praza Roxa, valorada en 5.000 € e consistente en "Fonte con iluminación LED" tampouco está definida.

Ao non poder valorar estes elementos por falta de definición dos mesmos o importe das melloras ofertadas por ILUMINACIONES ARTÍSTICAS SALNÉS SL redúcese nas seguintes cantidades:

- Mellora ofertada para as prazas de Cervantes, do Toural e das Praterías
1.500 € x 3 = 4.500 €
- A mellora ofertada para a praza Roxa
5.000 €

Polo tanto o importe da mellora ofertado por ILUMINACIONES ARTÍSTICAS SALNÉS SL queda establecido en:

$$16.460 € - 4.500 € - 5.000 € = 6.960 €$$



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

As ofertas finais son as seguintes:

EMPRESAS LICITADORAS	PREZO OFERTADO (IVE excluído)	IMPORTE MELLORAS (IVE excluído)
ILUMINACIONES SANTIAGUESAS SL B-15279359	38.900 €	16.510 €
ILUMINACIONES ARTÍSTICAS SALNÉS SL B-94121217	37.500 €	6.960 €

Polo tanto o cadro de puntuacións, adxudicando un 10 no caso do prezo ofertado á oferta máis vantaxosa economicamente para o Concello e tomando un 10 como referencia na oferta máxima de melloras de 20.000 € considerada no apartado 8 do Anexo 0 (Cadro de características técnicas) do Prego de cláusulas administrativas particulares, queda como segue:

EMPRESA LICITADORA	PREZO OFERTADO	IMPORTE MELLORAS	PUNTUACION PREZO OFERTADO	PUNTUACION MELLORAS	PUNTUACION TOTAL
ILUMINACIONES SANTIAGUESAS SL	38.900 €	16.510 €	9,64	8,26	17,90
ILUMINACIONES ARTÍSTICAS SALNÉS SL	37.500 €	6.960 €	10,00	3,48	13,48

Tal e como permite a cláusula 16 do Prego de cláusulas administrativas particulares e se establecía no informe ao Prego de condicións técnicas do contrato, será preciso nomear un responsable da vixilancia do cumprimento do contrato (enxeñeiro municipal ou externo) que supervise a execución do mesmo, comprobando que a súa realización se axusta ao establecido no contrato e que as labores de montaxe e as instalacións cumpren con todas esixencias técnicas e de seguridade de aplicación.

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2016
A arquitecta municipal

Carmen Ruiz Alarcón